



# Padrón

Concello de Padrón  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
correo@padron.gal  
www.padron.gal  
Telf: 981 81 04 51  
Fax: 881 24 93 91

## DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA XOVES 28 DE MAIO DE 2026.

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo de 2023,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- Día: xoves 28 de maio de 2026.
- Hora: 20,00.
- Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

#### PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 26 DE MARZO DE 2026.
2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 30 DE ABRIL DE 2026.
3. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLAS OBRAS DE "MELLORA VIARIO EXTRAMUNDI DE ABAIXO E OUTRO" INCLUÍDAS NO POS+ 2024.
4. MOCIÓN PRESENTADA POLO PSDEG-PSOE SOBRE O ERE ANUNCIADO POLA DIRECCIÓN DE NESTLÉ ESPAÑA.
5. MOCIÓN PRESENTADA POLO PP RELATIVA AO PROXECTO DE MELLORA E HUMANIZACIÓN DA ESTRADA N-550 AO SEU PASO POR PADRÓN.

#### PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 9-20/2026.
7. DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL ELABORADO POLOS DEPARTAMENTOS DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, NA SÚA REDACCIÓN DADA POLA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO. 1º TRIMESTRE 2026.
8. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 487/2026 AO 568/2026.
9. MOCIÓNS DE URXENCIA.
10. ROGOS E PREGUNTAS.

**Segundo.** Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello ([www.padron.gal](http://www.padron.gal)), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca